# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA
CURSO: 2º
MATERIA: ECONOMÍA
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
DATA: 8/5/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora. | Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresaValora a importancia da información na to ma de decisións<br>Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apalancamento da empresa, mediante a utili zación de ratios. E propón mediada correctoras<br>Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. |
| Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas. | Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.<br>Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. |
| Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. | Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.<br>Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións |
| Analizar as técnicas básicas para a xestión dos recursos humanos | Identifica os dereitos e deberes máis importantes que as traballadoras e os traballadores teñen derivados da súa relación laboral, con especial atención aos referidos á conciliación da vida laboral e familiar. Valorar a importancia que teñen a seguranza e a hixiene no traballo ademais da prevención dos riscos laborais.<br>Reflexiona sobre conflitos de intereses e as súas vías de negociación.<br>Coñece os distintos tipos de contratos, a representación dos traballadores e empresarios así como os convenios colectivos |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos: Traballo do alumnado a través dos medios que o alumnado poda utilizar: correo electrónico, whatsapp, aula virtual.<br>Videoconferencias, 3-4 clases por semana. |

| | |
|---|---|
| | Instrumentos: Asistencia e participación nas videoconferencias ( non se terá en conta si a falta de asistencia é por razón de non ter cobertura ou wifi ou estar xustificada...).<br>Interese mostrado de cara a materia.<br>Corrección das actividades que envíe o alumnado. |
| **Cualificación final** | Será o resultado da nota media das dúas primeiras avaliacións, sen redondeo. Engadirase ata un 1 punto a aquel alumnado que entregase todas as tarefas, e asista as videoconferencias (se lle é posible) |
| **Proba extraordinaria de setembro** | So hai un alumno que de non recuperar a segunda avaliación iría a esta proba. Só tería que examinarse desa avaliación e faráselle a media como se indica na cualificación final. |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación:<br><br>NON EXISTEN ALUMNADO CON ESTA MATERIAS PENDENTE. |
| | Criterios de cualificación: |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | - Seleccionarase materiais e recursos didácticos simplificados dos temas que corresponde a este trimestre, para facelos accesibles tanto no que se refire a contido como ao soporte<br>- Elaboraranse tarefas, a maioría exercicios da ABAU, que se lles enviará ao alumnado. De recuperación para o alumno que ten unha avaliación suspensa e tarefas de ampliación dos novos temas para todos. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todos o alumnado deste grupo ten conectividade polo que se dan 3-4 clases semanal por videoconferencia, mándaselles algún vídeos e tarefas, pola aula virtual ou whatsapp que se corrixen na próxima clase, pola aula virtual..<br>Se lles falla a conectividade envíaselle un resumo para que entendan e poidan responder ás preguntas, se teñan dúbidas poden preguntarllas á profesora por calquera medio dos que dispoñan.<br>- Nas videoconferencias empezarase por correxir e resolver as dúbidas das tarefas que deberían traer resoltas, seguirase con unha exposición dos contidos do tema que se trate, aquí a profesora compartirá asúa pantalla na que parecerá o libro de texto, resumes, exercicios resoltos..que a profesora irá explicando<br>- Realizaración de exercicios, test de repaso.. que a profesora correxirá. |
| **Materiais e recursos** | Plataforma Ciscowebex, para videoconferenicas<br>A aula virtual do centro para subir material, tarefas e a sua correccións, vídeos, actualizando a medida que se avanza na materia.<br>Tamén se fai uso do correo electrónico e whatsapp para enviar e recibir traballos |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A través de whatsapp, da aula virtual, do correo electrónico e de videoconferencia<br>Se o alumnado non responde informarase á xefatura de estudos para que se poña en contacto coa familia |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |